

**BLANCO TORRES,
UN
ACTIVISTA GALEGO**

Luis Rodríguez Rodríguez

Roberto Blanco Torres semella ser un dos galegos máis serios nas súas conviccións, así como un dos máis formados e de vida máis axitada e aventureira, así como un dos máis perseguidos, o que tan só con 45 anos foi paseado case que iniciada a guerra civil de 1936. O 18 de xullo prodúcese o levantamento que colle ó escritor na estación de Barra de Miño para tomar o tren cara Madrid, para incorporarse ó gabinete de prensa do Ministerio da Gobernación, segundo nos conta Marcos Seixo en *Roberto Blanco Torres*. A pesar de que algunhas persoas lle din que non volva á Peroxa, el pensa que non ten nada que temer e non fai caso. Pouco despois é detido na súa casa de Amido e levado á prisión de Ourense e logo á de Celanova. O seu irmán Xermán, usando de influencias, trata de conseguila súa liberación. A comezos de outubro, Guillerma, a súa sobriña, e Xulia, a súa dona, visítano na prisión. O home asegúralles que vai ser liberado ó día seguinte. Cando a muller volve a buscalo xa non estaba por ningures e, segundo os funcionarios, fora liberado. Pero o día catro aparece o seu cadáver nun foso de San Fiz de Gález, no concello de Entrimo. Morrera, dicía o certificado, a causa dunha traumática hemorraxia interna. Pero a morte produxéranlla dúas balas que tiña aloxadas na cabeza.

Así se foi deste mundo un dos intelectuais galegos máis brillantes e de grande calidade, inda non de todo recoñecida. Pero cando unha persoa leva con ela calidade tarde ou cedo esta sairá fora. Non pode estar presa e a de Blanco Torres é coma un farol aceso en noite de tormenta. Por veces ilumina con vigor e por veces apaga, non ten unha dimensión transcendente, é sempre un hálito breve propio de todo articulista que ademais está orientado pola súa vocación de activista, á que se entrega con paixón. Para el toda actividade está rexida por un elemento social.

UN ACTIVISTA VOCACIONAL

Para Roberto Blanco Torres a cultura da súa terra galega, a súa historia, a súa lingua, os seus costumes foron máis aló do puramente afectivo. O seu non foi un amor platónico pola terra e as súas xentes, ou se se quere non era un amor superficial e anecdótico. Trátase de algo moi fondo que non puido reprimir e que o levou á loita agraria realmente moi encarnizada durante as primeiras décadas do século XX. Basilio Alvarez, fundador do xornal *A Zarpa*, a vía así: *¡mira que non ter un máis remedio que chamar ao cárcere o refuxio das persoas decentes! Ó cárcere, ti es un templo (...). Atravesastes a balazos o candor, o traballo e a inocencia. Convertéstesnos nun exército regular. Xa temos bandeira: os mortos. Xa temos soldados, os labregos. E patria: Galiza!* No xornal, convertido no voceiro dos agraristas de toda Galicia denunciou Blanco Torres as masacres cometidas contra dos agrarios e reivindicou unha solución para os problemas da terra e, xunto co abade de Beiro, compaxinou tamén neste xornal o labor periodístico ca axitación. En xaneiro do 1932, Santiago Casares Quiroga promóveo ó goberno civil de Palencia onde tivo non poucos problemas ata a súa dimisión no mes de xuño do mesmo ano. Desde o goberno ofréceselle o goberno civil de Lugo, pero non se sinte con ánimos para seguir na política.

Paralelamente ca súa situación no goberno civil de Palencia e a súa dimisión, xeneralízase o debate sobre do Estatuto de Autonomía de Galicia. A ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) convoca unha asemblea na Coruña para discutir un proxecto de constitución do “Estado Galego” dentro dunha República Federal Española, estudándose ademais a creación dun grande partido

nacionalista capaz de levar ás Cortes o proxecto de constitución, como sinala Marcos Seixo Pastor. Blanco Torres escribe na contra do goberno polo comportamento deste no conflito asturiano, o que leva a aquel a querelarse con el por inxurias. Ingresa na cárcere Modelo de Madrid e un tribunal de urxencia absólveo. A través da prensa segue a traballar pola república e os republicanos, e no 1936, no mes de maio, foi nomeado xefe do Gabinete de Prensa do Ministerio da Gobernación. O 26 de xuño preside en Madrid o mitin pro Estatuto de Galicia no que pronuncia un discurso e días despois regresa á Peroxa para pasa-las vacacións. Como dicimos ó principio nunca retornou desta viaxe. A súa dignidade, como di Marcos Seixo, non lle permitiu salvarse. E foron tamén como en moitos outros sitios amigos ou coñecidos do paseo os que interveñen nos paseos. Neste caso, segundo afirma Marcos Seixo, foron dous coñecidos os que o sacaron da casa, dous coñecidos que había dous días estiveran na casa do Roberto asistindo a un convite. Parece ser que nun principio se negaron a ir a buscalo, pero logo, ameazados de morte, participaron. Chegaron a avisar a unha muller para que o puxera sobre aviso, cousa que a muller fixo inda que con moito medo. Veciños do pobo chegan a ofrecerlle a súa casa para que se agachase nela, o que rexeita xa que non tiña porque esconderse.

O PENSAMENTO DE BLANCO TORRES

A súa preocupación por Galicia foi unha constante ó longo da súa traxectoria persoal e laboral, pero a diferenza con outros intelectuais de entón non foi folclórica e superficial, probablemente por iso non é un home moi citado, aparte de que a súa obra anda moi espallada en xornais e revistas e, como dicimos, foi autor de artigos non de libros e mesmo o que resulta máis interesante para o seu coñecemento –*De esto y de lo otro*– non é senón unha escolma dos seus artigos. El escribía en galego cando tiña que escribir en galego, en castelán cando lle parecía que debía facelo en castelán. Como sinala Marcos Seixo, utiliza a lingua galega cando colabora en xornais e revistas editados integramente neste idioma (*Nós, A nosa terra, Rexurdimento, A fouce, As roladas...*), achegados todos ás Irmandades da Fala. Para el Galicia só tiña un idioma, o GALEGO. Pero curiosamente nin entón nin hoxe resulta doado publicar en galego. Un ten a impresión de que as edicións en galego dependen máis da subvención que do interese do libro. Ademais do libro *De esto y de lo otro*, escribiu tamén *No orballo de media noite* que causou máis impacto que o anterior, probablemente porque o primeiro era un libro xa coñecido por tratarse dunha escolma de artigos, mentres que o segundo era un libro de poemas, practicamente descoñecido e escrito con moita liberdade de estilo, que ven demostrar o pouco amor que tiña o autor pola arte, singularmente da arte pola arte, o que consideraba unha paparrucha. Para el o motor dos dous libros será o elemento social. No referente a Galicia, reproba a pasividade espiritual como atranco ó progreso; teima na necesidade da educación en galego baseada na cultura vernácula e manifesta a necesidade da unificación da lingua galaico-portuguesa.

Trátase dun home moi reflexivo que se atopa moi seguro no medio de xente que pensa, polo que é moi corrente atopalo nunha función crítica a carón de Platón, Dióxenes, Heráclito, Unamuno, Ortega...

No 1915 intelectuais galegos residentes en Madrid crean unha revista, *Estudios Gallegos* ca que se pretendía reivindicar los problemas do país, así como a súa lingua. No 1916 celébrase a asemblea de Compostela na que se crean as *Irmandades da fala* e no 1918 celébrase en Lugo a I asemblea nacionalista, á que asiste Blanco Torres. Acó prodúcese en feito moi importante. Proclámase que Galicia é unha nación e que lle corresponde como tal unha autonomía. O feito foi importante dabondo porque atacaba directamente ás dereitas, algunhas dereitas, enfrascadas en utilizar-lo termo *nacionalismo* parece ser que soamente con fins electoralistas. A partir de agora, *os rexionalistas do lacón con grelos*, como lles chamaba Blanco Torres, segundo Marcos Seixo, vense substituídos polos nacionalistas. Debeu se-la primeira vez que o nacionalismo galego reclama para Galicia o recoñecemento de súa estrutura de nación.

Convertido en estandarte das *Irmandades da Fala* asiste a diversas asembleas, entre elas a de Monforte de Lemos no 1922 como delegado da prensa de Ourense. Como se sabe nesta asemblea o movemento galeguista escíndese en dos: o *Partido Nacionalista Galego* e *As Irmandades nacionalistas galegas*, liderado o primeiro, máis político que o segundo, por Peña Novo, e as segundas baixo a dirección de Vicente Risco que pretendían actuar nun ámbito meramente cultural, fenómeno este que con algunhas variantes epocales repetiuse ca dictadura franquista. Cando as mobilizacións agrarias de Guillarei, no 1922, o noso protagonista, cóntanos Marcos Seixo, estaba na redacción de *A Zarpa* a

escribir un pensamento con moita “miga”: *A nós permítesenos de bo grado bailar a muiñeira, tocar a gaita e cultivar no verso a vea epigramática ou o costumismo. Non poden afacerse a escoitarnos unha protesta.* Quizais, engadimos nós, porque un pobo sometido ás dereitas durante séculos non era previsible para esta xente que tivese problemas... No 1924 créase a Asociación da Prensa de Vigo e Blanco Torres sería o primeiro presidente. Na breve andadura do diario *Galicia* tivo problemas de abondo. Cando o seu director, Paz Andrade, foi detido e encarcerado pola liña progresista dos editoriais, tamén o Roberto pasou un día na cárcere viguesa por chamar á folga dende a Asociación da Prensa, inda que non foi escoitado. Outro conflito foi co Ramón Fernández Mato con motivo dun artigo. Cómpre dicir que o Fernández Mato era o director do *El Pueblo Gallego*, xornal encontrado co *Galicia*. A cosa debeu ser moi forte cando o conflito remataba ca concertación dun duelo, que non se celebrou pola presenza en Vigo dun irmán do Blanco Torres, o que templou os ánimos. Cando Portela Valladares pretende poñe-lo seu xornal, *El Pueblo Gallego* ó servicio de Primo de Rivera, Blanco Torres dimite como redactor xefe con un xesto que o honra e que era moi normal nel: *non sei que concepto terá vostede de min para proporme semellante indignidade.* A reacción do propietario foi dende logo desmedida xa que o denuncia perante os Tribunais e a Audiencia Provincial de Pontevedra absólveo. Pero o Valladares non cesa e interpón recurso de casación e o asunto vese en Madrid onde é declarado culpable de injurias graves con publicidade. Foi sancionado con 1.500 pesetas e dous anos de desterro a máis de 150 quilómetros de Vigo.

Con este motivo retírase á aldea de Amido, no concello ourensán da Peroxa, de onde era a súa muller. Con todo, a integridade persoal do noso

intelectual reafirmase ca súa actitude diante dos que pasan sempre por boa xente, pero no fondo son ambiciosos e rancorosos. Blanco Torres cóntanos en *De esto y de lo otro (NÓS, A Coruña, 1930². Vol. I. Páx. 22 e ss.)* un suceso moi esclarecedor. Entre as múltiples conferencias que don Luis Bello dictou en pobos de España en relación ca situación das escolas, unha a lo menos, pronunciouna no Ateneo Barcelonés. Blanco Torres recibiu pouco despois un recorte de *La Veu de Catalunya* e escribe: “*se me envía un largo recorte... en el que se da cuenta de la conferencia que don Luis Bello dió en el Ateneo Barcelonés acerca de “El pueblo y la escuela”. En la reseña vienen subrayadas estas palabras: “después visitó Galicia, que representa el verdadero bajo fondo en esta materia (a escola)”. Y más abajo estas otras; “en Galicia no ha podido encontrar verdaderamente pueblo”.* Diante destes feitos Blanco Torres preguntase: “*¿Y que quiere que yo haga quien me envía este recorte? ¿Que en nombre de un patriotismo que no comparto me enfrente con don Luis Bello y desmienta su afirmación de que en Galicia no hay pueblo. No en mis días... Como gallego no he de resentirme ni menos enojarme porque un forastero pase por Galicia y vea en ella sus escasas y lamentables escuelas, y luego lo diga... Los gallegos en su tierra no se enteran de nada, no se preocupan por nada, si no es por sus asuntos particulares; la vida pública y cultural les tiene sin cuidado, aunque su indiferencia repercute luego en sus intereses materiales... No reaccionan jamás ante ningún problema de altura, ni protestan contra ningún atropello de índole moral, ni se sienten solidarizados con alguna aislada inquietud espiritual, pero cuando se ausentan de su tierra...se les despierta el sentido patriótico de una manera exacerbada y puntillosa.* Entón, asegura Blanco Torres, se asocian e establecen un nexo común

diante do recordo da terra...Comezan a ter un concepto –ou acaso unha necesidade- de solidariedade e un desexo de convivencia social. Ben aproveitados este desexo e esta necesidade tiveran empurrado os esforzos indíxenas e camiñariamos cara á renovación do país. Isto é moi certo, mais non o é menos que con esa solidariedade que senten fora de Galicia, inda que de forma débil, asócianse. En Galicia nin iso... Se Galicia “representa o verdadeiro baixo fondo en materia de escolas, Blanco Torres atina a preguntarse ¿qué facer senón que isto deixe de ser unha verdade? ¿Que fixeron para que non o sexa os que agora se folgarían de que tratásemos de refutar a don Luis Bello sen mais argumentos que un patriotismo sentimentaloido. Se Bello non atopou en Galicia un pobo non temos que botarlle a culpa porque non a ten. ¿Por que temos que dicir que iso non é certo cando é unha verdade de perogrullo? *¿Era tan difícil de ver como una vez más se anudaba a triste historia, cómo la ética pública se ofrecía con todas sus lacerías, cómo las más mezquinas ambiciones se sobreponían y ahogaban todo resto de honestidad, cómo los viejos políticos, sin ideas, sin cultura, sin sentido de responsabilidad y sin decoro, vuelven a ocupar sus antiguas fortalezas sin que se levanten las piedras, sin que el “pueblo” aparezca por parte alguna..?”* Roberto Blanco Torres non tiña nada que opoñer ós xuízos de don Luis Bello, se non era a súa vontade para combater pola dignificación do seu país. Cómpre sinalar que este combate dentro de Galicia dáse moi poucas veces cando a necesidade de que se dea é evidente porque, como tamén afirma Blanco Torres: *Galicia verdadera, real, es una y la idea de los emigrados acerca de Galicia es otra.* O concepto que o emigrante ten de Galicia é, polo xeral, equivocado, porque *la necesidad les ha privado de conocer su tierra e identificarse con sus ansias.*

Pero o asunto do Luis Bello non remata ca súa actuación no Ateneo Barcelonés; polo contrario a cousa é moito máis grave. Como se sabe, na política escolar de entón existían unha serie de grupos que traballaban pola renovación da pedagogía. Pois ben, aproveitando a viaxe de don Luis polas terras de España, o grupo “Luis Bello”, de Pontevedra, integrado por mestres novos organizou un acto, unha conferencia, a cargo de don Gerardo Álvarez Limeses sobre “Un tema de juventud”. A selección deste señor e o tema elixido non foi moi afortunado, dinos Blanco, se ben, efectivamente, *cabía agardar máis dun home maduro, “a quien se supone pensamiento trabajado y cultura*. Pero xa...xa... O señor Álvarez Limeses, segundo referencias de prensa, chegou un intre no que se puxo serio para preguntarse que era a xuventude, aténdose a unha definición de dicionario. Pero o diapasón que marcaba o ritmo do discurso foi subindo a medida que o orador penetraba nun intrincado mundo de despropósitos. Así, logo de ler un párrafo de Castelar e outro da súa colleita, Limeses aconsella ós rapaces que *“de ninguna manera se entreguen los jóvenes, como en algunos periódicos se les aconseja, al estudio y a la meditación para laborar, puesto que ambas cosas son contrarias a la actividad y energías que se precisan desarrollar en toda lucha social”*. Imaxinámola sorpresa do Blanco Torres diante do pensamento do Limeses. Pero non tivo tempo de reaccionar cando se atopa con que o tal conferenciante se queixe de que inda haxa quen combata o clericalismo. Este era en realidade o problema do Limeses: que houbera xente que opuxera o laicismo ás doutrinas de Cristo. El defendía unha pedagogía confesional. O problema estaba na existencia dunha Igrexa tradicional, involutiva, que non sabía ou non podía estar á altura dos tempos, que sostiña con vida a unha titubeante España.

O concepto que Blanco Torres ten de Galicia, e dos galegos como pobo sen estrutura, ou mellor de estrutura esnaquizada, como di o autor en *De esto y de lo otro*, precisa o apoio do seu propio acento vital para preguntar polo que foi ó longo dunha colonización espiritual dado que el, coma nós, dubida de que fosen moitos os intelectuais que se preguntaran polo ser de Galicia e os galegos, así como se esa colonización tiña rematado. Galicia, dinos Blanco Torres *está sola, sigue estando sola, cada vez más sola*. Apenas quedaban homes que laborasen por Galicia e pensasen nela. Así a viu o noso protagonista e así a vemos nós nun ensaio inédito, *Galicia, dous mil anos de Idade Media*. Calquera cre que en Galicia estivo a producirse un movemento cidadán silencioso que fixo desaparece-la preguiza. Pero trátase dun espellismo; a realidade é que a medida que avanzamos no tempo a Galicia que construímos e imos herdando retrocede. A razón de isto non só está no carácter dos galegos, trátase dun mal da nación española dentro da que estamos a vivir. A evidencia do amor pola mentira e a falta de personalidade a que alude a *anécdota* anterior inda hoxe é evidente. Con todo Blanco Torres non facendo caso ó demandador dun artigo contra Luis Bello, sí lle reprocha algo o coñecido inspector de escolas. Luis Bello, segundo Blanco (*De esto y de lo otro*), atopa unha inferioridade no aldeán galego na limitación da lingua vernácula, relacionándoa posiblemente ca impresión doente que lle causou o advertir que na aldea o signo de señorío, de xerarquía, é sinónimo da fala castelán. *Non son da raza, teima Blanco Torres, nin do país “los que no falan gallego”*. No outro idioma veu o feudalismo, a lembranza da servidume e o vasalaxe. Veu a conciencia ou o instinto dunha inferioridade. *Ben feita a observación*, exclama, Blanco Torres, para engadir: *En efecto, en Galicia todos los males, las leyes*

duras, la curia, el dogal del foro, estaban dispuestos en una lengua que no les era familiar a los aldeanos. No es extraño que ante su modulación vieses la jerarquía, o la superioridad, que en este caso era la prepotencia, el arbitrio omnímodo. Pero o mundo perceptible do aldeán, do home rústico, ten unha orixe e un desenvolvemento máis vasto e complexo que supera a dimensión dun artigo.

Un pensamento que Blanco comparte e dos poucos que toma de Ortega y Gasset é o do *encanallamento* dos españois, entendendo por tal a aceptación como estado habitual e constituído dunha irregularidade, de algo que mentres se acepta segue a parecer indebido. Como non é posible converter en sana normalidade o que na súa esencia é criminoso e anormal, o individuo opta por adaptarse a el, ó indebido, facéndose por completo homoxéneo ó crime ou irregularidade que arrastra. Faise difícil non estar de acordo con isto, e nós diríamos máis: a razón para este encanallamento radica na que parece radical incapacidade para seleccionar ben á xente, ben naturalmente dende o punto de vista xeral, porque dende o particular é indubidable que a selección é un acerto. Debido a isto o español, mesmo tamén o galego, non olla en torno seu na función de mando exercida ca capacidade e a autoridade necesaria, a persoas que por estas dotes inspiren respecto e merezan acatamento. O español comprende que hai unha desproporción grande entre a xerarquía do posto e da xerarquía persoal do que a detenta, e esta consideración é unha das causas máis determinantes do seu estéril, funesto e corrosivo escepticismo.

Outra das ideas que Roberto Blanco Torres defende “a capa y espada” é o concepto que oficialmente se sostén da importancia das colectividades galegas de América, moi importante na súa época, na que

para todo se pedía a axuda das nosas colectividades americanas, que estas daban polo seu desexo de ver engrandecido ó seu país, pero que non o engrandecía en nada porque rebaixaba a capacidade do galego para ser el o que demandase os servizos e tamén os crease. Ademais para Blanco Torres a *Galicia verdadeira, real, é unha cousa e a idea dos emigrados acerca de Galicia é outra*. É dicir, o seu concepto de Galicia, na maioría dos casos equivocado, porque a necesidade privoulles de coñecer-la súa terra e identificarse cas súas ansias, non pasa de roza-lo adxectivo e o anecdótico.

A lectura *De esto y de lo otro* é un bo exercicio mental, unha breve luz no medio da tormenta. Hai unha táctica das dereitas, que nós tamén atopamos, que permite botarlle-la culpa ós demais dos fracasos dos galegos. E isto se estivo a facer durante séculos, inda cos Blanco Torres que puidera haber, porque resultaba máis práctico mentir que dici-la verdade. Permítasenos que para rematar este artigo recollamos o que Blanco pensaba de Cataluña e das relacións entre cataláns e galegos e lembremos tamén, pola nosa conta, que cando o noso protagonista escribe o artigo era época de Estatutos. Diante dunha xuntanza catalán – castelán celebrada en Barcelona, un diario de Madrid pregunta : *¿y Galicia, que hace?* Como a pregunta non podía referirse de ningún xeito á ausencia de Galicia naquel acto para o que soamente se convocara a Castela, a tal pregunta tiña outra finalidade e, desde logo, outra lectura... Por iso Blanco Torres crese obrigado a responder: *Galicia hace lo que hace Cataluña en una medida menos densa y enérgica (...). El hecho de ignorarlo Madrid acusa la misma indiferencia o el mismo desconocimiento que tantas veces respecto a Cataluña se le ha atribuido. Ojalá que la comprensión del problema de Cataluña, que no sería tal*

problema si la inteligencia sustituyese a la inepticia y la inquietud a la insensibilidad (...). El tópico del separatismo fue una invención estólida de aquellos a quienes Dios entontece primero cuando quiere perderlos. Dios aquí ha fracasado. Los entonteció, pero he aquí que no los ha perdido; que vuelven a través de sus recovecos y de las peripecias dramáticas de la nación a poner el pie en el suelo que hollaron con tanto escarnio. Con tal que arrimen el hombro a la empresa monárquica, pueden confiar en la impunidad.

NOTA FINAL

Roberto Blanco Torres, nace en Cuntis (Pontevedra), segundo afirma Marcos Seixo Pastor, o mércores 18 de marzo do 1891 no seo dunha acomodada familia, na que Roberto era o máis novo de nove irmáns. O seu pai, Pedro Blanco Crespo, que estudara no Seminario de Lugo, pois era de Lalín, pertencente á diocese luguesa, tivo serias dificultades para ingresar no seminario por ser fillo de solteira. O Pedro empezou entón a visitar ó crego de Troáns, con certa influencia na igrexa de Lalín, suponse que na procura de recomendación. Nunha destas visitas, ou como resultado delas, o Pedro Blanco coñeceu a Carme Torres, de familia labrega con posibles. O home renuncia ós hábitos para casar ca Carme, pero para facerse ca dispensa tivo que viaxar a Roma co gallo de axiliza-los trámites diante do propio Papa, Pío IX. Unha vez casados, Pedro e Carme quedan a vivir en Cuntis, nunha casa mercada ca axuda da familia e os aforros de Pedro cando exercera de alcaide na aduana de Santander entre 1872 e 1874. En Cuntis naceron os seus nove fillos.

O matrimonio gozou dunha notable posición social, xa que o home foi secretario do xulgado de Cuntis e chegou a ser nomeado notario público do arciprestazgo de Moraña. Este Pedro chegou a ter certo peso no partido de Emilio Castelar e colaboraba con frecuencia no diario vigués *A Concordia*. Tiña na casa unha espléndida biblioteca, infórmanos Marcos Seixo, a quen estamos a seguir. Tódolos fillos do Pedro recibiron ensinanzas de latín do seu pai e Roberto publicou artigos neste idioma co gallo de supera-la censura, cousa que atinxiu, como era de esperar. Mais esta saída humorística non deixa de ser unha humorada feita para cegos.

Cando tiña 15 anos, emigrou a Cuba, onde xa estaban establecidos dous dos seus irmáns, Sexismundo e Nuño. Axiña se achega ó periodismo e entra en contacto con intelectuais galegos, tales como Curros Enríquez, Adelardo Novo, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte... e chega a ser fundador de dúas publicacións *La Alborada* (1911) e *La tierra gallega* (1915). Nesta época de claro trunfo do escritor pontevedrés é cando comeza a utiliza-lo pseudónimo de fray Roblanto, inda que as veces usa outros heterónimos: Manrique de Crespo e Cirilo de Crespo. No verán do 1916 deixa Cuba e regresa á súa vila natal onde mantén, nos días feriados, animadas tertulias co crego Xosé Toubes, un dos fundadores do diario coruñés *El Ideal Gallego*. Instalado xa definitivamente en Galicia o seu traballo de xornalista é abondoso e notable.